




OS BIOSBARDOS

ALFIN/AMI

BIBLIOCERVO 2017/2018



NOME _____ CURSO _____

CEIP DE CERVO - PLAMBE XIII
"CERVO ALÉN DE EUROPA: UNITED
THROUGH CREATIVITY"

www.bibliocervo.blogspot.com

Galicia é unha terra habitada por homes e mulleres de carne e óso, pero tamén por seres que viven nun mundo fantástico ou encantado que semella tan real coma o noso.

Os Biosbardos son uns deles, pero sabes que son os BIOSBARDOS? Prepárate para coñecer uns personaxes de LENDA!!!

- Busca na Galipedia a palabra biosbardo e escribe outros sinónimos que pode ter.

- Le a definición de biosbardo e logo explica coas túas palabras como imaxinas que é.



Agora consulta a páxina **GALICIA ENCANTADA**, no seguinte enlace saberás que é iso de ir aos biosbardos ou gazafellos.

<http://www.galiciaencantada.com/lenda.asp?cat=6&id=2485>

Nesta enciclopedia de **Galicia Encantada** dícesenos que é un conto inventado popularmente.

- Quen cres que inventou este conto?

- Con quen se usaba e para que?

- Que clase de animal era?
- Que técnica se seguía para cazar ao biosbardo ou gazafello?
- Cando había que cazalos e por que?
- Onde estaban?

Busca nun dicionario as palabras **culinario** e **cinexética** e contesta.

- Que quere dicir que tiñan interés **culinario**?
- Que é unha práctica **cinexética**?
- Para que houbera sorte e así poder cazalos antes, que **dito** había que repetir?
Copiao aquí.

- Na Galipedia atoparás outros ditos ou encantamentos referidos aos biosbardos. Cópiaos.



- Agora inventa tu un encantamento para ir aos biosbardos.
- No dicionario da **Real Academia Galega (RAG)** busca frases ou expresións coa palabra biosbardos, leas e logo inventa tu frases onde as empregues.
- Por certo, que clase de palabra é? Defínea morfoloxicamente.

- Sepáraa en sílabas.

Lembra o que son os diptongos e os hiatos. Nesa palabra hai un deles. Cal é? É diptongo ou hiato?

- Busca na lectura de Galicia Encantada tres exemplos de diptongos e tres de hiatos.

Diptongos: variante,...

Hiatos: oído,

- Antes de rematar este traballo, non esquezas preguntar ás persoas maiores do teu entorno sobre os biosbardos ou gazafellos. Pregúntalles si oíron eses nomes algunha vez, a quen e si saben a lenda que cha conten. Logo escribe aquí o que che conten. Por último, fai unha ilustración dos biosbardos, tal e como os imaxinas tu.

